

naufrauxio



NAUFRAXIO

**Pois tí me chamás; veño a que me digas
en qué recanto da ribeira certa
hei de atracar a voz distas cantigas,
si a mar está, coma unha cuncha, aberta.**

**En balde esculcarás falas amigas,
agás a miña, que o teu corpo aperta
ceibándote do afán, na roita incerta
onde levas sereas por aurigas.**

**Mais si has seguir a virazón do vento
e non escoltas meu amante acento
nin fitas o ronsel dos meus ardores,**

**vararéi istes soños nunha praia,
e onde o levado mar pon súa raia
iránse asolagar nosos amores.**



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística